

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA  
30 DE SETEMBRO DE 2009.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
D. Iván Puentes Rivera.

**Asistentes:**

D<sup>a</sup> Rocío Rey Sampayo.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa.  
D<sup>a</sup> Amalia García Balado.  
D. Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.  
D. José Antonio López Rodríguez.  
D. Juan Manuel Lourido González.  
D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido.  
D. Manuel Polo Gundín.  
D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo.  
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín.  
D. Edgar Antonio Vigo López.  
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.  
D<sup>a</sup> Rocío Aurora Bértoa Puente.  
D. Juan José Franco Casal.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Fornos Corral.  
D. Manuel Sánchez Martínez.

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Marta Roca Naveira

**Secretaria Acctal.:**

D<sup>a</sup> Ana María Santano Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as nove horas e cinco minutos do día trinta de setembro de dous mil nove, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as D<sup>a</sup> Rocío Rey Sampayo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa, D<sup>a</sup> Amalia García Balado, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, Don Juan Manuel Lourido González, D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D<sup>a</sup> Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M<sup>a</sup> del Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal, Dona Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria accidental D<sup>a</sup> Ana María Santano Martínez, funcionaria do Concello, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

**1º.-.APROBACION DO PROXECTO “ RENOVACION DA REDE DE DISTRIBUCION NA AVDA. PORTA DO SOL”.**

O Sr. Alcalde cede a palabra ao concelleiro de obras, sr. López Rodríguez quen comenza pedindo desculpas pola premura e informando doutros aspectos de que se estaba agardando o informe xurídico.

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín para manifestar que non sabe si hai que aprobar a urxencia, entenden que non é urxente xa que hai mais de ano e medio que saeu o Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011 da Deputación Provincial da Coruña. Continúa a dicir que recorda a intervención do BNG do ano pasado no que se informou que era un plan para complementar cunha cantidade moi importante e ia dirixido a obras de competencia municipal. Están dacordo na realización da obra de renovación e reposición de traídas de auga, pero xa dixeron hai un ano que un plan que supera os 600.000

euros tería que planificarse dende a Comisión (feitos que antes non sucedían) ; polo que non lles parece razoable que un ano despois se segan poñendo escusas (para planificar o PCC nun ano, dous ou catro porque o plan o permite). Continúa a dicir que van a apoiar a urxencia deste pleno sendo claros que non é urxente, a apoian porque senón esta obra non iría ata o 2011, e demandan máis información e participación.

Seguidamente pide o uso da palabra o sr. Galego Feal comenza decindo en referencia ao exposto polo sr. Polo Gúndin que iso xa sucedía antes, e que lles gusta que se reitere, dá as grazas por estar aquí, porque así xa están nove. Continua a dicir que en moitas ocasións o grupo de goberno se aproveita dos grupos políticos porque ninguén vai ir en contra das obras aos veciños. Espera que non ocorra o mesmo que cos plans provinciais e alega que o PCC do ano pasado retornou ao Concello para subsanar deficiencias. Agarda que éste, que non leva informe xurídico, non teña problemas porque facerá unha rolda de prensa.

De seguido, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

O sr. Sanchez Martínez toma a palabra para indicar que pode que se teña razón nos feitos expostos, e analizandoo todo fai un rogo para que estas cousas non se volvan a producir, informando que votará a favor.

Seguidamente pide o uso da palabra o sr. López Rodríguez para recordar que as obras foron pactadas cando gobernaban PSOE e BNG. Descoñece o problema do PCC e contan co permiso de Fomento, Diputación, Aquages e falta un permiso de Sanidade (que non sempre o dan).

Respostalle o sr. Polo Gundín para dicir que se non hai ningún problema porqué non está a obra empezada, nin incluso rematada e nin aproveitado o verán para facelo.As obras estaban faladas entre o BNG e o PSOE e a escusa era que se estaba xestionando con Fomento a urbanización nese tramo, polo que é unha mala noticia que non se consiga a urbanización. Continúa a dicir que hai algunha obra por Fene ou Perlio e que se podería incluír xa este ano a renovación das xonas máis antigas que están a romper, e cree que xa na Comisión se podería ter adiantado isto.

Intervén o sr. Alcalde-Presidente para dicir que con respecto a Fomento, neste mesmo verán o ministro manifestoulles que veía favorable a realización destas obras, e consideraron abordalo xa, isto quere dicir que nin Fomento nin o Concello descartan a realización da obra.

Seguidamente pide o uso da palabra o sr. Pico Sanmartín para dicir que hai dous aspectos que faltan: unir as dúas bandas en Santa Ana (por debaixo da carretera) e outra, que non ve ningunha valoración a reposición da acometida.

Respostalle o sr. Alcalde-Presidente alegando que o exposto é unha cuestión técnica, informada por un técnico municipal, que se consultará e valorará, pero nin os técnicos nin quen redactou o proxecto viron ningunha anomalía.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 29 de setembro de 2009, sendo aprobado por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

1.º) Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2008-2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Renovación da rede de distribución na Avda. Porta do Sol	189.367,13€	28.805,07	160.962,06

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 29 de setembro de 2009, que transcrita di:

“PROPOSTA

Visto o informe sobre “Proxecto de renovación da rede de distribución na Avenida Porta do Sol”, Consultor: Proyfe, S.L. Autor: Enxeñeiro de Camiños Don Marcelino López Méndez. Setembro 2009, por importe total investimento (licitación): 189.367,13€ emitido polo Enxeñeiro de Camiños Municipal Don Lino Ameneiro Seijo en data 28 de setembro de 2009.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o “Proxecto de renovación da rede de distribución na Avenida Porta do Sol”, Consultor: Proyfe, S.L. Autor: Enxeñeiro de Camiños Don Marcelino López Méndez. Setembro 2009, por importe total investimento (licitación): 189.367,13€

Segundo.- Remitir certificación do acordo á Excm. Deputación Provincial.

Á vista do resultado da votación, declarase aprobada a proposta da alcaldía que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás nove horas e vinte minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,  
O Alcalde-presidente

A secretaria acctal.,

Asdo: Iván Puentes Rivera.

Asdo: Ana María Santano Martínez.